XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE
Dirección Xeral de
Desenvolvemento Sostible

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica (AAE) do Plan Sectorial Eólico de Galicia

1. Antecedentes

Con data 30 de abril de 2006 entrou en vigor a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente que traspuxo a Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, relativa á avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

A Avaliación ambiental Estratéxica (AAE) ou avaliación ambiental de plans e programas é un instrumento de prevención deseñado coa finalidade de integrar os aspectos ambientais na toma de decisións de plans e programas públicos que podan ter efectos significativos sobre o medio ambiente, ben directamente a través das súas propias determinacións, ben porque establezan o marco para a futura autorización de proxectos legalmente sometidos a avaliación de impacto ambiental. A AAE é un proceso de avaliación ambiental que debe quedar integrado na elaboración do plan, de forma interactiva ao longo de todo o seu proceso de desenvolvemento e toma de decisión.

O órgano promotor do **Plan Sectorial Eólico** (en diante PSE) é a Consellería de Innovación e Industria a través da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, que o 10 de decembro de 2007 e con nº Rexistro 28329 comunicou o inicio da elaboración do PSE, acompañando esta comunicación co seu Documento de Inicio da AAE.

Unha vez recibida toda a información inicial requirida, o órgano ambiental validou e comunicou ao órgano promotor o inicio do procedemento de AAE mediante escrito do 2 de Xaneiro do 2008 e con nº Rexistro: 9.

Tras consultar ás Administracións públicas afectadas a través do Consello Galego de Medio Ambiente, e ao público interesado mediante a web da Consellería dende o 21 de decembro de 2007 ata o 21 de xaneiro de 2008 para que se achegasen as consideracións e suxestións, o órgano ambiental elaborou o presente **Documento de Referencia**, que guiará ao órgano promotor no seu propio procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica establecéndose tanto a amplitude, nivel de detalle e o grao de especificación do Informe de Sustentabilidade Ambiental (en diante, ISA), como as modalidades, amplitude e prazos de información e consultas.

2. Breve descrición do planeamento

Segundo recolle o documento de inicio, a Consellería de Innovación e Industria, en función da alta potencialidade de xeración de enerxías renovables, está deseñando os instrumentos que permitan darlle un novo enfoque ao sector, a través da implantación dun modelo propio de desenvolvemento da explotación de recursos enerxéticos baseado na necesaria diversificación das fontes de enerxía primaria mediante o recurso ás renovables.

O anterior Plan Sectorial leva 10 anos de vixencia, cunha modificación no ano 2002, e debido os grandes avances tecnolóxicos no deseño e potencia dos aeroxeradores, as modificacións na lexislación urbanística, e a necesidade de acomodar o desenvolvemento eólico cun respecto ao ambiente que o faga sustentable, xustifican a necesidade dun novo Plan Sectorial Eólico.

Segundo a Consellería de Innovación e Industria, os obxectivos do Plan sectorial Eólico de Galicia son:

- Recortar a dependencia enerxética do exterior coa diversificación das fontes de enerxía a través dun maior aproveitamento dos recursos autóctonos.

- Contribuír á redución das emisións de CO_2 cara a consecución dos obxectivos de Quioto. Tratase de conseguir que en 2012 o 95% do consumo eléctrico que se realice en Galicia teña a súa orixe en fontes renovables.

- Promover o desenvolvemento económico e social do noso país, en particular daquelas zonas onde estes recursos son abondosos, no marco dun desenvolvemento sustentable, para o cal teranse en consideración as seguintes premisas:

    - Ademais de promover a consecución dos obxectivos enerxéticos, deberá actuar como vector de crecemento económico en sentido amplo, sobre todo nos territorios nos que se implante.

    - Deberá ser extremadamente respectuosa cos valores ambientais dos territorios onde se ubique.

    - Debe supor progreso social para o conxunto da cidadanía galega, estreitando o vínculo entre enerxía e sociedade e conseguir unha maior aceptación desta modalidade de xeración.

Co novo Plan Sectorial Eólico, pretendese artellar o instrumento de ordenación do territorio que posibilite a ordenación da implantación territorial das infraestruturas, logo da identificación das Áreas de Desenvolvemento Eólico a través dun proceso que determine aquelas áreas que contando con recurso suficiente, sexan idóneas para a implantación desde o punto de vista ambiental.

3. Políticas, variables e criterios para a sustentabilidade do planeamento

A. Políticas e programas en interacción co Plan

Algúns dos documentos de referencia básicos que deben enmarcan o plan sectorial eólico son os seguintes:

A política enerxética da UE ven recollida entre outras na Directiva 2006/32/CE da UE sobre a eficiencia do uso final da enerxía e os servizos enerxéticos e define un marco de esforzo común para acadar unha mellora da eficiencia enerxética. Asemade a Directiva 2003/54/CE, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade e a Directiva 2003/55/CE, sobre normas comúns para o mercado do gas natural, teñen como obxectivo crear un mercado único eficaz, seguro e competitivo.

En canto as enerxías renovables a UE elaborou a Directiva 2001/77/CE relativa a promoción da electricidade xerada a partir de fontes de enerxía renovables no mercado interior da electricidade así como a Directiva 2003/30/CE relativa ao fomento do uso de biocarburantes ou outros combustibles renovables no transporte, que pretenden garantir o abastecemento e o desenvolvemento sostible mediante a utilización de enerxías renovables.

A Comisión Europea ante o reto de asegurar ó mesmo tempo o abastecemento enerxético e o incremento da competitividade da industria europea e acadar un uso da enerxía compatible cun desenvolvemento sostible, elaborou o Libro Verde: Estratexia Europea para unha enerxía sostible, competitiva e segura (COM (2006)105 final). O Libro Verde sobre a enerxía constitúe unha etapa importante no desenvolvemento dunha política enerxética da UE. Para acadar os seus obxectivos económicos, sociais e ambientais, Europa debe facer fronte a importantes retos en materia de enerxía: a crecente dependencia respecto das importacións, a volatilidade do custo dos hidrocarburos, o cambio climático, o aumento da demanda e os obstáculos ao mercado interior da enerxía. A UE constitúe o segundo mercado mundial da enerxía e debe aproveitarse do feito de ser líder mundial na xestión da demanda e o fomento das fontes de enerxía renovables.

A Comisión Europea asemade, elaborou un paquete lexislativo sobre cambio climático e enerxías renovables. Os obxectivos principais deste paquete son que no 2020 o conxunto da UE acade un aumento do 20% da eficiencia enerxética, unha redución do 20% das emisións de gases efecto invernadoiro, unha cota do 20% de enerxías renovables no consumo global de enerxía e unha cota do 10% de biocarburantes no transporte.

No ámbito Español elaborouse a Estratexia española de cambio climático e enerxía limpa horizonte 2007-2012-2020, que recolle por un lado unha serie de políticas e medidas para mitigar o cambio climático, paliar os seus efectos e facer posible o cumprimento dos compromisos adquiridos por España, e por outra banda plantéxanse medidas para acadar consumos enerxéticos compatibles co desenvolvemento económico. Ante a urxencia da posta en marcha de accións para acadar a maior brevidade posible as reducións de emisións de gases efecto invernadoiro que permitan cumprir a España os compromisos asumidos no protocolo de Kioto para o período 2008-2012 elaborouse o Plan de medidas urxentes da estratexia española de cambio climático.

Dado que a enerxía e necesaria para o desenvolvemento, pero para dispor dela a longo prazo e minimizar os seus efectos ambientais debe utilizarse de maneira eficiente, elaborouse a Estratexia de aforro e eficiencia enerxética en España (E4) 2004-2012: documento no que se analiza a situación actual da oferta e demanda enerxética e se analiza o potencial de mellora da eficiencia enerxética.

En Galicia estase a elaborar o Plan Enerxético de Galicia (2007- 2012) que ten como obxectivos, entre outros, garantir unha subministración enerxética de calidade a cidadanía, impulsar estratexias de aforro e eficiencia enerxética e diversificar as fontes de aprovisionamento, todo elo cun máximo respecto ambiental.

B. Variables e criterios para a sustentabilidade do Plan

Variable: Paisaxe

A paisaxe é un factor que xunto con outros, como o medio biótico e abiótico definen a calidade natural dunha zona. Non se pode así mesmo esquecer que a paisaxe é un dos grandes valores naturais que posúe Galicia, polo tanto:

- As actuacións elixibles terán na medida do posible un deseño adaptado a paisaxe na que se insiran, con especial atención ás zonas con paisaxe de maior

naturalidade, así como ás áreas con elementos culturais especialmente valorados (patrimoniais ou etnográficos).

Variable: Solo

O solo é o soporte físico de todas as actividades humanas, e a sostibilidade destas depende en boa medida da conservación do mesmo como recurso natural. As infraestruturas do plan deben polo tanto minimizar a superficie ocupada e afectar o mínimo posible a calidade do solo que ocupen. Polo tanto:

- Para as liñas de evacuación de enerxía escolleranse preferentemente aqueles percorridos que utilizan, ou reforzan as infraestruturas e trazados preexistentes fronte as que requiren novas actuacións ou novas ocupacións de terreos.

- Asemade minimizarase o uso do solo tanto na instalación das infraestruturas como nas vías de acceso.

- Primarase o repotenciamento dos parques xa existentes fronte a instalación de novos parques.

- Estudaranse os posibles efectos do plan sobre a xeración de residuos e a contaminación dos solos. Impedirase o vertido ou calquera depósito inadecuado ou disposición incontrolada de residuos.

Variable: Conservación da natureza

Considerase prioritario garantir a protección e conservación dos espazos que forman parte da Rede Natura, os Espazos Naturais Protexidos ou calquera outro espazo que polo seu valor natural e ecolóxico sexa de interese. Por iso:

- As areas de desenvolvemento eólico planificadas evitarán a ocupación e transformación de espazos que sustenten zonas de relevancia ambiental por ser zonas sensibles, incluídos na rede Natura 2000, zona RAMSAR ou espazos Naturais Protexidos, así como aqueles propostos para a súa ampliación, na medida en que o desenvolvemento de actuacións nestes espazos sexa un risco para a conservación da biodiversidade e o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais garantindo a conexión das poboacións de fauna e flora silvestres e preservando a diversidade xenética. No caso de planificar, de xeito extraordinario, a ocupación dalgún destes espazos, o plan deberá xustificar exhaustivamente a necesidade da actuación así como a inexistencia de alternativas viables.

- As construcións e infraestruturas previstas deberán evitar a fragmentación dos ecosistemas e non interromper as áreas que actúan como corredores biolóxicos, mantendo a continuidade ecolóxica dos sistemas fluviais, os bosques e os sistemas montañosos, conservando a súa funcionalidade.

- Asemade evitarase o trazado das infraestruturas por areas criticas de paso, nidificación, repouso e alimentación de aves.

- O plan non recollerá a implantación de novas infraestruturas en espazos delimitados como hábitats prioritarios e procurará a retirada das que na actualidade as ocupen.

- Ademais deberá previr, asumir e programar medidas compensatorias ou actuacións correctoras para reparar os posibles danos que se puideran producir nos ecosistemas afectados como consecuencia das actividades previstas no Plan.

- En situacións de incompatibilidade de usos, darase prioridade a protección do recurso e o seu entorno fronte a produción enerxética situando as infraestruturas nas zonas de menor valor ambiental, tendo en tódolos casos presente o principio de precaución nos casos en que existan dúbidas razoables sobre os efectos ambientais das medidas previstas.

- Non deberá contribuír a introdución ou proliferación de especies que non teñan caracter autóctono a escala local ou rexional.

Variable: Atmosfera

As alteracións na atmosfera teñen unha gran repercusión tanto no home como no medio ambiente. O plan deberá contribuír a redución dos GEI e debe evitar que os niveis de emisión electromagnéticas e ruídos que se produzan poidan afectar a saúde humana. Por isto:

- Desenvolverase por parte da Consellería de Innovación e Industria, no marco da política de loita contra o cambio climático, un estudo que cuantifique a contribución do Plan Sectorial Eólico á redución de emisións de GEI.

- Realizaranse os estudos necesarios para valorar os impactos previsibles do plan sobre os seguintes vectores: contaminación electromagnética e ruído, así como sobre as medidas adecuadas para a limitación destes impactos, que permitan fixar as directrices en cada unha das etapas de planificación.

San Lázaro s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Variable: Ciclo hídrico

O plan debe ter en conta os riscos de contaminación das augas tanto superficiais como subterráneas, asegurando o mantemento da súa calidade. Para iso:

- Analizarase a afección e os riscos de contaminación das augas superficiais e subterráneas así como as alteracións do drenaxe natural dos terreos.

- En toda a avaliación do plan terase en conta os plans hidrolóxicos de conca, a lei 5/2006 de 30 de xuño para a protección e a conservación e a mellora dos ríos galegos, así como as directrices da Directiva Marco da Auga.

- Evitarase o posible risco de inundación a hora de emprazar novas infraestruturas.

Variable: Socioeconómica

As actuacións do plan deberan procurar ademais do desenvolvemento económico da Comunidade Autónoma, o das áreas nas que se implanten as instalacións. Asemade procurarase a redución das perdas por transporte.

- O plan debe contribuír a un sistema enerxético equilibrado territorialmente que achegue os centros produtores aos puntos de consumo, de forma que se minimicen os efectos ambientais e as perdas por transporte.

- Asemade analizarase a achega do plan cara a produción para o autoconsumo mediante, por exemplo, os parques eólicos singulares.

- Analizarase a contribución do plan ao desenvolvemento socioeconómico no ámbito local, das zonas nas que se implanten as infraestruturas e a economía galega, así como a compatibilidade coas actividades dos terreos antes do Plan.

Variable: Patrimonio

Deben respectarse os bens integrantes do patrimonio histórico así como un amplo radio o seu entorno para evitar a afección ao conxunto escénico visual. Asemade debe respectar os elementos do patrimonio etnográfico e as paraxes e paisaxes de interese cultural.

- Preservaranse os elementos de importancia arqueolóxica, cultural e paisaxístico das zonas de actuación.

4. Estrutura do Informe de Sustentabilidade Ambiental (ISA) do Plan Sectorial Eólico de Galicia

O ISA é un documento que será "parte integrante da documentación do plan ou programa" (artigo 8.4 da Lei 9/2006).,recollerá a xustificación da alternativa que se consolide como proposta definitiva do planeamento. Para elo, farase unha análise previa dos condicionantes, obxectivos e alternativas para o futuro desenvolvemento do plan, identificando e caracterizando os efectos sobre o medio da alternativa escollida e establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento destes efectos.

O ISA deberá cumprir a condición de ser "accesible e intelixible para o público e as Administracións Públicas", tratando de evitar a repetición de contidos con outros documentos do Plan.Para isto redactarase un contido máis sucinto, razoado e expresivo, sustentado en referencias sintéticas e claras ás partes concretas do Plan nas que pode atoparse a información e a análise máis detallada e complexa, que sustentan os datos e conclusións sintetizados no ISA.

A estrutura e os aspectos que deberán integrar este documento serán os seguintes:

1. **Análise do entorno**. Realizarase unha descrición da problemática e dos condicionantes ambientais, económicos e sociais que inflúen na definición de alternativas do Plan Sectorial Eólico de Galicia.

   Deberán considerarse como mínimo os seguintes aspectos:

   a) **Análise obxectiva da situación actual**, sinalando as problemáticas enerxéticas, ambientais, económicas e sociais de partida.

   b) **Relación con outros instrumentos de planificación enerxética vixentes e en proceso de elaboración ou revisión** sinalando a xerarquía, incidencia e coherencia da súa posta en marcha, cos outros plans e programas coincidentes nas materia, estableceéndose as relacións existentes entre eles, incluíndo un estudo da posible repercusión das medidas propostas en cada territorio en relación coas estratexias, plans e programas que o afecten, tanto de iniciativa comunitaria, estatal como autonómica.

   c) **Problemas ambientais relacionados coa aplicación do Plan, especialmente nas zonas de particular importancia ambiental designada de conformidade coa lexislación aplicable sobre espazos naturais e especies protexidas.** Sinalarase as principais presións e riscos que sobre os

ecosistemas cun alto grado de naturalidade ou biodiversidade poden xerarse coas actuación previstas no Plan, indicándose o xeito en que se integrou a protección destas zonas.

d) **Relación cos instrumentos de planificación e xestión ambiental vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión.** Tratase de identificar aquelas zonas de maior relevancia ambiental por ser zonas sensibles, por estar incluídas como Rede Natura 2000 ou na súa ampliación prevista, zona Ramsar ou espazos protexidos sinalando a coherencia entre a lexislación asociada a estes espazos protexidos e as accións e medidas previstas no Plan. Asemade sinalaranse como o plan evita a ocupación dos hábitats prioritarios próximos Realizarase o oportuno inventario e aportarase a cartografía correspondente de cada unha destas zonificacións, en formato impreso e dixital.

e) **Relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión** en materia de infraestruturas, transporte, residuos, recursos hídricos, sinalando a coherencia das medidas establecidas no plan sectorial con estes plans.

2. **Definición de obxectivos.** Presentaranse os obxectivos e principais actuacións do plan, sinalando a coherencia cos obxectivos e criterios estratéxicos fixados nos plans, programas ou estratexias específicos con afección no mesmo ámbito do Plan Sectorial, establecidos a nivel internacional, comunitario, estatal e autonómico que garden relación co plan, e de darse o caso, das administración locais. En particular os obxectivos principais do Plan sectorial deben ser coherentes cos plans ou normativas de espazos naturais protexidos, emisións, residuos, augas, ruídos e os compromisos da Comunidade Autónoma no marco Estatal, Comunitario e Internacional que garden relación co Plan.

   Farase unha asignación de prioridades nos obxectivos propostos e identificaranse as incompatibilidades e vantaxes comparativas entre eles.

   Este apartado completarase cunha xustificación de como foron tidos en conta os obxectivos xerais establecidos polo artigo 1 da lei 9/2006, de promover un desenvolvemento sustentable, acadar un elevado nivel de protección do medio ambiente e contribuír a unha integración eficaz do desenvolvemento do Plan.

3. **Análise das alternativas.** Sinalaranse as diferentes alternativas das actuacións elixibles para o cumprimento dos obxectivos do Plan, incluíndo na análise de

alternativas como mínimo, a alternativa de non execución deste Plan, ou alternativa cero, mantendo a infraestrutura eólica actual.

- As alternativas propostas serán avaliadas en función da integración dos criterios de sustentabilidade establecidos neste documento, e sobre a súa idoneidade para dar cumprimento aos obxectivos establecidos para o Plan. Xustificarase ademais a pertinencia das alternativas na implantación da lexislación comunitaria, estatal ou autonómica en materia de enerxía, augas,montes, estradas e medio ambiente.

Finalmente, xustificarase ambientalmente a elección da alternativa seleccionada, garantindo que non poda reconducirse cara algunha das alternativas descartadas. Cada alternativa reflectirase cartograficamente en planos nos que se plasmen territorialmente as súas propostas e podan observarse as súas diferenzas.

4. **Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.** Identificaranse e caracterizaranse os posibles efectos da alternativa finalmente seleccionada. A avaliación dos probables efectos sobre o medio das actuacións provistas no Plan realizarase facendo referencia como mínimo a aspectos como biodiversidade, poboación saúde humana, fauna, flora, auga, aire, factores climáticos, bens materiais, patrimonio cultural, incluíndo o patrimonio histórico, a paisaxe e a interacción entre estes factores. Estes efectos deben comprender os efectos secundarios, acumulativos, sinérxicos, a corto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos.

   Realizarase unha avaliación preliminar da posible afección sobre os espazos da Rede Natura 2000 ou da súa prevista ampliación e demais espazos naturais protexidos.

5. **Medidas preventivas.** Determinadas as actuacións ou os tipos de actuacións da alternativa seleccionada susceptibles de producir efectos negativos sobre algún elemento do medio ambiente, deberán instrumentarse no plan os mecanismos adecuados para a prevención, corrección e compensación dos efectos sobre o medio da alternativa escollida, así como o establecemento de condicións de revisión ou modificación de partes especificas do plan.

6. **Proposta de plan de seguimento.** Débese establecer un sistema de indicadores que permita, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre o medio, e por outra parte, comprobar a idoneidade da alternativa seleccionada no cumprimento

dos obxectivos propostos no planeamento e dos criterios estratéxicos establecidos neste documento de referencia.

7. **Informe sobre a viabilidade económica da alternativa seleccionada** e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e o establecemento do sistema de seguimento.

8. **Análise da coherencia** entre, por unha parte, os obxectivos establecidos no plan e os condicionantes resultantes da análise de partida e, por outra, a alternativa seleccionada.

9. **Resumo non técnico** da información solicitada nos apartados anteriores.

Con respecto á documentación a presentar, o Plan deberá presentarse coa cartografía correspondente a cada unha das propostas en formato impreso e dixital. Tendo en conta que se traballa fundamentalmente nunha fase de programación de estratexias, a escala de dita cartografía adecuarase tamén o grado de detalle requirido para dita avaliación, entendéndose que en fases posteriores de execución ou nos plans sectoriais que o desenrolen o grado de detalle será maior.

5. Indicadores

Os indicadores deben cumprir unha serie de características básicas:

- Deberán estar relacionados cos obxectivos, de maneira que presenten a evolución da aplicación do planeamento cara ás intencións declaradas.
- Deberán ser facilmente medibles e posibles de analizar en series temporais.
- Deberán reflectir a evolución temporal, de xeito que podan analizarse para previr ou corrixir tendencias negativas.
- Deberán ser facilmente comprensibles por tódolos axentes implicados.
- Deberán estar dispoñibles facilmente e non requirir de múltiples fontes de información para a súa obtención.

Estableceranse, na medida do posible, valores de referencia para os indicadores, a necesidade de aplicar as medidas e mecanismos previstos para corrixir os efectos producidos, e que permitan identificar con prontitude os efectos adversos non previstos, para considerar a necesidade da modificación ou revisión de partes

específicas do Plan, ben por non estar contribuíndo a cumprir os obxectivos establecidos, ben por estar producindo maiores efectos dos previstos. Para elo, elaborarase un plan de seguimento, establecendo a periodicidade dos informes sobre a evolución dos indicadores, que serán de acceso público.

Os indicadores farán referencia ás variables indicadas anteriormente e entre outros incluirán os seguintes:

- Produción de enerxía renovable. Contribución á produción e consumo de enerxía.
- Porcentaxe de enerxía obtida por xeración eólica.
- Contribución do plan á reducción da intensidade enerxética de Galicia.
- Densidade enerxética instalada (potencia/superficie ocupada).
- Número e superficie de espazos naturais protexidos, rede Natura 2000, etc, que se verán afectados.
- Contribución do plan á reducción de emisións de gases efecto invernadoiro.
- Poboación potencialmente afectada pola contaminación atmosférica, polo ruído ou polos campos electromagnéticos no entorno das instalacións proxectadas.

6. Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado

O artigo 9.2 da Lei 9/2006 sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións Públicas afectadas e ó público interesado.

Así pois, a fase de consultas sobre a versión preliminar do Plan, que incluirá o ISA, realizarase polo órgano promotor ás Administracións Públicas afectadas e o público interesado que se citan a continuación

1. Administración Xeral do Estado:

- Delegación do Goberno en Galicia.
- Ministerio de Medio Ambiente

- Confederación Hidrográfica do Miño-Sil e Confederación Hidrográfica do Cantábrico (Ter en conta a disposición transitoria primeira do Real Decreto 266/2008)

- Confederación Hidrográfica do Douro

2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible:
  - Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental (acerca das emisións contaminantes, dos residuos e do ruído).
  - Dirección Xeral de Conservación da Natureza (acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural ou paisaxístico).
  - Augas de Galicia (acerca da protección dos leitos e recursos hídricos).
- Consellería de Medio Rural.
- Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.
- Consellería de Cultura e deporte.
  - Dirección Xeral de Patrimonio
- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade.

3. Administración Local: Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e Deputacións Provinciais.

4.- Publico Interesado.

- Organizacións sociais representadas no Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. A composición establécese no artigo 3 do Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (DOG. Nº 84 do 3 de maio de 2006) redactado conforme ó Decreto 137/2006, do 27 de xullo (DOG. Nº 162 do 23 de agosto de 2006):

a) Federación Ecoloxista Galega (FEG).

b) Sociedade Galega Historia Natural (SGHN).

c) Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA).

d) Asociación Turmalina Act. Bioculturales.

e) Unión Xeral Traballadores Galicia (UXT).

f) Federación Galega Municipios e Provincias (FEGAMP).

g) Confederación Galega Asociacións Veciñais.

h) Sindicato Labrego Galego.

i) Universidade Santiago de Compostela.

j) Universidade de A Coruña.

k) Consello de Xuventude.

l) Unións Agrarias.

m) Consello Galego Consumidores e Usuarios.

n) Xóvenes Agricultores.

o) CCOO de Galicia.

p) Sociedade Galega Educación Ambiental.

q) C.I.G.

r) Universidade de Vigo.

s) Confederación de Empresarios.

t) Federación Galega Confrarías de Pescadores.

– Asemade consultarase coa asociación ecoloxista Verdegaia que participou como público interesado no proceso de consulta aberto a través da web da Consellería dende o 21 de decembro de 2007 ata o 21 de xaneiro de 2008 para que se achegasen as consideracións e suxestións a considerar polo órgano ambiental para a elaboración do presente **Documento de Referencia**.

Dita fase de consultas e a posta a disposición do público da versión preliminar do plan, incluído o ISA, farase durante un prazo de **dous meses** para o seu exame e formulación de observacións. Será nominal para as Administracións públicas e ó publico interesado relacionado anteriormente. Para calquera outra persoa física ou xurídica que puidese estar comprendida como público interesado, segundo a definición dada polo artigo 10.2 da Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados planes e programas no medio ambiente, realizarase mediante inserción do correspondente anuncio no Diario Oficial de Galicia,

7. Procedemento de avaliación ambiental estratéxica

Unha vez redactado o ISA, o mesmo incluirase no Plan como parte integrante do mesmo, e someterase nun só documento ó trámite de información e consultas descrito no apartado anterior deste documento .

Realizadas as consultas e as modificacións pertinentes no Plan, e con carácter previo á aprobación definitiva do mesmo, remitirase ao órgano ambiental a seguinte documentación (art. 7.6 da Lei 6/2007):

1.- Documentación completa do Plan que tome en consideración o informe de sustentabilidade.

2.- Alegacións e informes presentados no período de consultas, adxuntando un informe sobre o proceso de participación pública.

3.- Informes sectoriais.

4.- Proposta de Memoria Ambiental, co contido establecido no artigo 12 da Lei 9/2006.

Esta proposta de Memoria Ambiental deberá explicar cómo se integraron os criterios de sustentabilidade das diferentes variables ambientais na elaboración do plan, detallará as medidas adoitadas para o seguimento dos efectos do planeamento sobre o medio a efectos do previsto polos artigos 15 da Lei 9/2006 e 8 da Lei 6/2007; e irá acompañada dun resumo non técnico de toda esta información , e dun resumo do proceso de participación e consultas.

Con esta información, o órgano ambiental redactará nun prazo de 3 meses dende a súa recepción, a **Memoria Ambiental**, a través da cal validará o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, establecendo no seu caso as determinacións que deberán incluírse no plan con carácter vinculante.

Unha vez aprobado o plan definitivamente, o órgano promotor porao a disposición do órgano ambiental, das Administracións públicas consultadas e do público afectado, xunto coa documentación especificada no artigo 14 da lei 9/2006.

Finalmente, o órgano promotor realizará un seguimento dos efectos na sustentabilidade da aplicación ou execución do plan, no que o órgano ambiental poderá participar.

8. Anexo 1. Organismos consultados e respostas recibidas

O Documento de Inicio someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver artigo 3 do Decreto 74/2006, de 30 de marzo) e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible para que o público en xeral faceira comentarios (http://aae.medioambiente.xunta.es).

Durante o tempo de consultas recibíronse respostas de Augas de Galicia, a Asociación para a defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA), a Federación Ecoloxista Galega (FEG), Verdegaia e diversos particulares. As súas suxestións xa se tiveron en conta nos condicionantes que establece este documento de referencia. Non obstante axúntanse para que sexan tidas en conta polo promotor.